



O MUSEO EN CAMIÑO

ACTIVIDADE 5

Unha historia en tres actos

ACT. 5

Unha historia en tres actos

FICHA TÉCNICA DA OBRA

Título: Retablo de Santo Acacio e os dez mil mártires do Monte Ararat

Autor/a: Anónimo compostelán

Data: 1380 -1400

Técnica: Pintura en táboa



Este retablo é a pintura sobre táboa máis antiga da arte galega. O seu estilo corresponde ao gótico lineal, data do século XIV e narra o martirio de santo Acacio e os dez mil mártires do monte Ararat.

A pintura creouse para o convento de Santa María de Belvís, en Santiago de Compostela, e consta dun ático e de tres rexistros horizontais onde se representa a lenda, que van acompañados duns textos.

ACTIVIDADE

Actividade de creación artístico-literaria para a elaboración dunha historia en tres actos que se representará de forma gráfica mediante unha narrativa secuencial.

Para que?

- Crear un historia en tres actos.
- Representar a historia mediante debuxos inventados.
- Desenvolver a creatividade e a imaxinación.
- Explorar con formatos diferentes.

Contidos

- A narrativa textual e a visual.
- A narración oral como medio transmisor de coñecementos.
- O consenso e a toma de decisións grupais.
- O retablo como expresión artística.

Como se fai?

1.º Actividade de ideación: dinámica grupal, a modo de conto vivo, para escoller entre todas as persoas participantes os personaxes, os lugares e a acción que definirán o inicio dunha historia que está por crear.

2.º Actividade de creación plástico-literaria: cada neno/a terá unha táboa co formato do retablo, adaptada á medida dun A4, dividida en tres seccións horizontais que marcarán a secuencia visual da historia. A continuación deben crear o guión para logo debuxalo: na primeira sección, os personaxes; na segunda, a acción, e na terceira, o desenlace final.

3.º Actividade expositiva: exposición dos retablos e narración das historias inventadas por parte das e dos creadores.

Duración

1:30 h.

Agrupamentos

Traballo en grupo e individual.

Materiais e recursos

- Madeira co formato do retablo adaptado á medida dun A4, lapis de cores.

